



Ilmo. Concello do Grove

Acta da reunión do tribunal cualificador designado para selección dun posto de funcionario/a administrativo/a interino/a.

Expte: 292/2019.

Sendo as 10:30 horas do 6 de maio de 2019 reuniuse no despacho de secretaría municipal o tribunal designado para selección dun posto de funcionario/a administrativo/a interino/a composto polos seguintes membros:

Presidente: Daniel Angel Lamas Bello – Secretario xeral
Secretaria: María Luz Fernández González- funcionaria Técnica de Admón. Xeral.
Vogais: Beatriz García Ucha- Interventora.
María del Carmen Vidal Pérez – Tesoureira
María Dolores Ochoa Gondar- funcionaria Administrativa.

Examinada a documentación presentada polos aspirantes á citada praza, os reunidos adoptan por unanimidade os seguintes acordos:

Primeiro: Fixar os seguintes criterios de valoración dos méritos, en interpretación das bases que rexen a convocatoria:

Os servizos nas administracións públicas (AAPP) prestados a tempo parcial puntúanse proporcionalmente ao tempo que corresponde á xornada completa.

Só se valoran os títulos superiores e non aqueles de menor nivel necesarios para a súa obtención.

Só se valoran os cursos relacionados coas funcións a desempeñar, non obtendo puntuación aqueles referidos a materias tales como, información xuvenil, autoemprego, PIMES, etc.

Non se valoran os cursos expedidos polas universidades, por non ter a condición de AAPP, e/ou por tratarse de cursos que forman parte da carreira, en cuxo caso xa se valora o título outorgado.

Os cursos expedidos por organizacións sindicais só se valoran se nos mesmos se acredita que forman parte dun plan de formación das administracións públicas.

Segundo: Aprobar a valoración dos méritos segundo consta no cadro anexo a este acta.

Terceiro: Outorgar aos aspirantes un prazo de tres días hábiles dende a publicación da presente acta no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.



Ilmo. Concello do Grove

No caso de non presentarse as alegacións directamente no rexistro municipal ou na sede electrónica do Concello do Grove, deberá remitirse dentro do prazo de presentación das alegacións, unha copia ao número de fax: 986731358. O incumprimento deste requisito dará lugar ao rexeitamento da alegación sen máis trámite.

E para que conste asinan os comparecentes, do que como secretaria do tribunal certifico.

Documento asinado dixitalmente na marxe